



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Barreiro Somoza
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
Dª Mª Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Laura González Novoa
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª María del Pilar Lopéz Vidal
D. José Mira Penedo
Dª Camino Noia Campos
D- Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Peréz Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y Pérez-Amor
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Francisco J. Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. Francisco Tugores Martorell
Dª Mª Teresa Viñas Gil
D. José A. Veiro García
D. Horácio A. Villar Suárez

DESCULPAN ASISTENCIA

D. José Luis Capelo Martínez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinte e cinco de febreiro de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 25 de febreiro de 1997**, ás 11.00 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (24.01.97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Cadro de profesorado do curso 96/97; Prazas BOE; e Transformacións.
- 4º.- Aprobación, se procede, da proposta dos presupostos do ano 1997.
- 5º.- Acordos a tomar ante a non aprobación da programación Plurianual 19996-2000 no Consello Social.
- 6º.- Aprobación, se procede, da proposta do Consello de Campus de Pontevedra sobre a titulación de Filoloxía Galega e medidas compensadoras.
- 7º.- Adhesión da Xunta de Goberno ó acordo da Asemblea da CRUE sobre a segregación da Facultade de Medicina e os estudos de Estatística da Universidade de Alicante.
- 8º.- Aprobación, se procede, da memoria para solicitar a impartición do título de Doutor en Enxeñería Informática, Xeografía e Historia da Arte.
- 9º.- Aprobación, se procede, do Programa de Doutoramento Europeo.
- 10º.- Aprobación, se procede, do proxecto "Deseño dun modelo de contabilidade de xestión para a Universidade de Vigo".
- 11º.- Elección dos membros da Comisión de Publicacións.
- 12º.- Substitución de membros da Comisión de Reclamacións.
- 13º.- Confirmación de gasto.
- 14º.- Aprobación, se procede, do convenio co Servizo Galego de Saúde.
- 15º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, aprobábase a acta anterior coa inclusión no punto 10, que queda como sigue: "en aplicación do punto 2.3 da normativa sobre estas materias, que serán validables dentro do mesmo ámbito científico e sempre de acordo co establecido no punto X e 1.6 e 1.7 do anexo da normativa dos mesmos, con efecto retroactivo a tódolos cursos complementarios impartidos que figuraron como materias de libre elección".

D^a M^a do Carmo Henriques Salido, fai constar (a petición do Sr. Rector), que ó final da sesión fará un comentario sobre a documentación do Vicerrectorado de Profesorado.

No **punto 2**, pásase en primeiro lugar á contestación das preguntas da sesión anterior.

Ás formuladas por D. Cándido Pérez Betanzos ó Vicerrector de Economía di que o nivel de execución do orzamento do ano 1996 está en fase de liquidación e esta non rematou ata o mes de maio ou xuño. Respecto os ingresos do CACTI, estes excederon os 5,5 millóns de pesetas. O Vicerrector de Investigación indica que se está abordando a implantación dun sistema informático sobre os distintos paquetes informáticos tendo en conta a oferta da Consellería de Cultura. Toda a infraestrutura da Biblioteca, estará condicionada o paquete informático que se poña. Nos Servizos Informáticos de Investigación non se pretende facer ningún cambio. O Vicerrector de Investigación tamén contesta á pregunta de D^a M^a do Carmo Henriques Salido relativa ó reparto dos cartos dos departamentos, indicando que se complican coa nova estruturación departamental.

O Sr. Rector, indica que a Profesora D^a M^a do Carmo Henriques Salido pertence a EXB Ourense.

De seguido o Sr. Rector informa das seguintes cuestións:

-sobre o cambio de radicación do Vicerrectorado de Relacións Exteriores e de Innovación Educativa e Estudiantes, así como o Servizo de Bolsas, 3º Ciclo, Títulos e Alumnado que pasaron ó Edificio Anexo ó Rectorado;

-sobre a formalización dos catro convenios asignados coas Deputacións de Ourense e Pontevedra e cos Concellos de Vigo e Ourense, para a construción dos Edificios de Ciencias Sociais no Campus de Pontevedra, Dereito no Campus de Ourense, Dereito Económico no Campus de Vigo e as ampliacións das Escolas Universitarias de Estudos Empresariais e Enxeñería Técnica Industrial.

Consta en acta o agradecemento da Xunta de Goberno ás Deputacións de Ourense e Pontevedra e ós Concellos de Vigo e Ourense, absténdose D^a M^a do Carmo Henriques Salido xa que entende que é a obriga das Deputacións e os Concellos.

O Rector, informou tamén do bo funcionamento do Servizo de Publicacións da Universidade que xa ten publicados diferentes volumes tal como os distintos Regulamentos aprobados polo Claustro, os Datos Estatísticos do Alumnado correspondente ó curso 95-96, unha Guía de Titulacións elaborada polo Vicerrectorado de Ordenación Académica e un estudo sociolingüístico realizado polo Servizo de Normalización Lingüística. Tamén destacou a boa xestión da Asesoría Xurídica da Universidade xa que dos 45 fallos dos tribunais, 37 foron favorables á Universidade e 5 desfavorables.

O Rector, pide reservas coa prensa xa que estanse a publicar asuntos que son de carácter

interno da Universidade.

O Vicerrector de Profesorado aclara algúns aspectos sobre as noticias aparecidas na prensa, sobre os profesores invitados, defraudando á Comisión de Docencia que só concede a aqueles que son razoables.

A Profesora D^a Carmen Becerra Suárez, pide que a Xunta de Goberno salga na defensa deste grupo de profesores e solicita actuacións rápidas para saber quen presentou a denuncia que aparece no artigo de prensa.

A Profesora D^a M^a do Carmo Henriques Salido, di que a denuncia a fíxo ela e pide que se incorpore a acta (anexo I) matizando que do departamento non saíu ningunha información.

O Vicerrector de Economía informou sobre o estudo que se está a realizar para seleccionar a oferta máis interesante relacionada co Plan de Pensións para os traballadores, así como dun seguro multirisco para a Institución; deu conta ademais da marcha das obras de urbanización do Campus de Ourense que estarán rematadas no mes de setembro; da saída nos vindeiros días do concurso público para a adxudicación do proxecto de construción dun Pavillón Polideportivo para a Escola de EXB de Pontevedra. Por último o Vicerrector de Economía informou sobre a marcha de diferentes obras que se están a levar a cabo no Campus de Lagoas-Marcosende como: o acondicionamento do noiro da Facultade de Ciencias, a Biblioteca Central, a urbanización da zona deportiva, a peatonalización de diferentes zonas, a ampliación do aparcamento da Facultade de Económicas, da adxudicación do Autoservicio-Cafetería e Comedor da Escola de Enxeñeiros Industriais e da habilitación dun espazo no Rectorado para a celebración de xuntanzas..

Continuando co informe do Rector, o Vicerrector de Investigación, informou sobre os resultados da convocatoria de axudas á investigación do ano 1996, así como da evolución do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación no que se presentaron 533 solicitudes no ano 1996 fronte ás 234 do ano 1995. Tamén informou da posta en marcha do 5º programa marco do que se enviará información a tódolos departamentos.

O Vicerrector de Investigación tamén informou das novas áreas prioritarias entre as que se encontra a Tecnoloxía Aeroespacial, dos cursos do Windows e de Internet e que a páxina www da Universidade xa foi consultada por 16.200 persoas.

Ante a petición de palabra por algúns membros de Xunta de Goberno, o Sr. Rector indicou que se deben facer no punto de Rogos e preguntas. Ante este feito, D. Horacio A. Villar Suárez indicou que se cumpra o regulamento e que os membros de Xunta de Goberno teñan dereito ó uso da palabra.

No **punto 3**, O Vicerrector de Profesorado presenta o cadro de profesorado do curso 96/97 (anexo II).

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

T01 305 TIT-EU Vigo Francisco Javier Corralo Domonte

C03	566	TIT-UN	Vigo	África González Fernández
C09	760	TIT-UN	Vigo	Ezequiel Vázquez López
T01	305	TIT-EU	Vigo	José Antonio Alonso Rodríguez
T04	555	TIT-UN	Vigo	Antonio Álvarez Alonso
T12	800	TIT-UN	Vigo	Verónica Santalla del Río
X06	225	TIT-UN	Vigo	María Dolores Garza Gil
X06	225	TIT-UN	Vigo	José Francisco Teijeira Bautista
X09	650	TIT-UN	Vigo	Tony Crespo Franco
X09	650	TIT-UN	Vigo	María Mercedes Vila Alonso

Apróbanse as seguintes transformacións de prazas:

C08	755	Luis Liz Marzán	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
H02	330	Antonio Rifón Sánchez	de PP2 a TIT-UN(I)
T01	305	Jorge Cerqueiro Pequeño	de AXU-EU a TIT-EU(I)
T02	535	Emilio González Estévez	de TIT-EU(I) a TIT-UN(I)
T09	570	Marcos Valiño García	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X06	150	Carlos Lete Achirica	de PP1 a PP2
X11	755	Magdalena Barahona Martín	de PP1 a TIT-EU(I)

No **punto 4**, O Vicerrector de Economía explica o contido dos presupostos do ano 1997, indicando que hai un erro na páxina 27, onde di "Proxecto Hominis" debe dicir: "Aplicación Informática persoal".

Establécese un debate no que fai constar en acta a súa intervención D. Manuel Pérez Donsión: "*O meu agradecemento e felicitacións ó Equipo de Goberno da Universidade, á Comisión de Asuntos Económicos e o seu Presidente, por ser sensibles ás peticións reiteradas feitas por min como Director da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais e incluír por primeira vez unha partida inicial no orzamento da Universidade, correspondente a este ano 1997, que posibilita acometer un edificio para Aulario e Laboratorios de Minas que é urxente, tendo en conta a situación de carencias de Aulas e Laboratorios que provoca no Centro a implantación da Titulación de E. de Minas coas súas tres especialidades e o incremento continuado do número de alumnos que cursan esta titulación que este ano sacará a súa primeira tanda de titulados*".

Prodúcese a votación co seguinte resultado:

- Votos a favor do presuposto: 34
- Votos en contra do presuposto: 5
- Abstencións: 4

Apróbanse os presupostos do ano 1997 (anexo III) previa a súa elevación ó Claustro.

Presenta un voto particular D. José A. Sampayo Fernández, que se abstén por non xustificarse o orzamento do Consello Social.

No **punto 5**, O Sr. Rector informa que no Consello Social non se aprobou a programación plurianual 1996-2000. Indica que ante os informes presentados sobre o

incumprimento do artigo 54 da LRU un era favorable o de D. Luis Rodríguez Ennes e outro desfavorable o de D. Tomás Ramón Fernández.

O Sr. Rector informa que presentou un voto particular nos seguintes termos, tal como figura nunha certificación da acta do Consello relativa a ese parágrafo (anexo IV).

O Sr. Rector indica que se debe resolve-lo tema das titulacións e analiza-lo tema do financiamento da Universidade.

O Profesor D. Francisco Tugores Martorell, presenta un escrito (anexo V) que pide que se aprobe na Xunta de Goberno.

D. Horacio A. Villar Suárez lamenta o papel do Rector no último Consello Social; ó mesmo tempo, di que a defensa da autonomía universitaria debe facerse a través do Parlamento; sinte a imaxe que queda na sociedade dos problemas no Consello Social.

D. Horacio A. Villar Suárez pide a dimisión do Rector.

Establécese un debate sobre o tema chegándose a unha proposta consensuada coa retirada da proposta do Profesor D. Francisco Tugores Martorell.

Apróbase a petición dun novo plano de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e a súa elevación ó Claustro.

Apróbase instar ó Consello Social para que solicite un novo plano de financiamento para o sistema universitario de Galicia.

Apróbase que se eleve ó Consello Universitario de Galicia a petición de titulacións aprobadas en Xunta de Goberno e Claustro Universitario dentro do marco da programación plurianual 1996/2000 coa inclusión da titulación de Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte para o Campus de Pontevedra (pendente da aprobación no claustro) e instar ó Consello Social para que faga súa esta petición.

No **punto 6**, Presentouse o acordo do Consello do Campus de Pontevedra (Anexo VI).

D. Horacio A. Villar Suárez pide a retirada do punto da Orde do día, xa que o anexo VI da documentación non é máis que unha certificación na que non consta ningunha proposta á Xunta de Goberno.

A Profesora D^a Camino Noia Campos, pide que se retire o punto 4 de dito documento.

Prodúcese un debate chegándose a unha votación:

- Votos a favor do documento do Consello do Campus:	21
- Votos a favor da proposta de D ^a Camino Noia Campos:	2
- Abstencións:	6

D^a Camino Noia Campos, e D^a Carmen Becerra Suárez presentan cada unha, un voto particular en contra:

Voto de D^a Camino Noia Campos: "*Como membro da Xunta de Goberno, presento o meu voto particular en contra da proposta aprobada na sesión do día 25 de febreiro de 1997, relativa ó punto 6º da orde do día. A decisión adoptada, ó liga-lo traslado de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo á concesión dunha nova licenciatura para transforma-la Escola de Maxisterio de Pontevedra en Facultade, compromete seriamente o futuro da titulación de Filoloxía Galega, que quedará separada das outras filoloxías da Facultade de Humanidades. Neste acordo non se tiveron en consideración criterios académicos que son os que, por riba de todo, deben rexe-las decisións dos órganos de goberno universitarios*".

Voto de D^a Carmen Becerra Suárez: "*Como membro da Xunta de Goberno desexa facer constar o sentido do meu voto no punto 6 da orde do día. O traslado da titulación de Filoloxía Galega non debe someterse a máis criterios que a coherencia académica e científica. Quero facer constar ademais, que non considero sensato aproba-la solicitude dunha titulación sen que antes sexa sometida a unha reflexión tralo informe económico e social preceptivo en canto a titulación específica*".

No **punto 7**, apróbase por unanimidade a adhesión da Xunta de Goberno ó acordo da Asemblea Xeral da CRUE sobre a segregación da Facultade de Medicina e os estudos de Estatística da Universidade de Alicante (anexo VII).

No **punto 8**, apróbase por asentimento as memorias para solicita-la impartición dos títulos de Doutor en Enxeñería Informática, Doutor en Xeografía e Doutor en Historia da Arte (anexo VIII).

No **punto 9**, presenta o programa Europeo o Vicerrectorado de Investigación. Apróbase o texto modificándose coa emenda presentada polo Profesor D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor e outros (anexo IX).

No **punto 10**, apróbase por asentimento o proxecto "Deseño dun modelo de contabilidade de xestión para a Universidade de Vigo" (anexo X).

No **punto 11**, elíxense os seguintes membros da Comisión de Publicacións:

-Profesores: D^a Carmen Benso Calvo (Fac. Humanidades Ourense)
D^a Encarnación de Miguel Villegas (Fac. Ciencias Vigo)
D^a Elena Lapeña Martínez (Fac. Belas Artes)
D. Antonio Martínez Martínez (E.T.S. Enx. Industriais)
D^a Dolores Troncoso Durán (Fac.Humanidades Vigo)
D. Sigfredo Federico Pagel (E.T.S. Enx.Telecomunicacións)

No **punto 12**, substitución dos seguintes membros da Comisións de Reclamacións:

- Profesores: D. Jesús Primitivo Rodríguez González (substitúe a D. José M^a Franco García).
D^a Elena Cortés Gabaudán (substitúe a D. Eduardo Varela Bravo).

No **punto 13**, apróbase a seguinte confirmación de gasto (anexo XI):

- Servicios Centrais (cultura)	265.500 ptas.
- CACTI	668.647 ptas.

No **punto 14**, apróbase o convenio co Servicio Galego de Saúde (anexo XII)

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **JOSÉ LUÍS CAPELO MARTÍNEZ**.- Presenta por escrito (anexo XIII).

-D. **JESÚS ALFAYA FERNÁNDEZ**.-

"As miñas preguntas están relacionadas cos planos de estudio tendentes á obtención de: Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial; Enxeñeiro Técnico Industrial en Electricidade Industrial.

Os alumnos pertencentes a E.U.E. de Enx. Técn. Industrial de Vigo, que somos membros da Xunta de Escola do citado centro e das diferentes xuntas de titulación dos citados planos, estamos preocupados pola tardanza na discusión dos citados planos na Xunta de Goberno e no Claustro, polo cal queremos face-las seguintes cuestións:

¿É certo cos citados planos levan máis de dous meses no Vicerrectorado de Organización Académica?

Se é certo ¿Cal é a razón de ser da tardanza en seren levados á comisión pertinente e á Xunta de Goberno e ó Claustro?.

Os alumnos da E.U. de Enx. Técn. Industrial loitamos moi duro por saca-los planos de estudio adiante e quixeramos saber dunha vez por todas, se o noso traballo vai valer para algo ou se le vai a conceder o soño dos xustos".

-D. **JUAN JANEIRO VILABOA**.-

1) Pregunta que na nova centraliña de Ibercom quedan catro persoas sen extensión.

2) Pregunta si os novos departamentos poden ter reunións sen os alumnos.

-D. **ENRIQUE BARREIRO ALONSO**.- Indica que hai profesores que imparten libre elección e non pertencen a ningún centro.

-D^a **CARMEN BECERRA SUÁREZ**.- Pide que o equipo de goberno saia na defensa do profesor propio.

-D. **ANTÓN FERNÁNDEZ ALVAREZ**.- Pide desculpas en nome do sindicato "CIG" sobre determinadas afirmacións, indicando que no nas fai máis dito sindicato.

-D. **ALEJANDRO GÓMEZ SOLER**.- Pregunta pola comisión de transportes que xa tivo tempo de se constituír.

-Pide que se investigue o servizo de deportes.

-Solicita o cese do Vicerrector de Estudiantes e do encargado de deportes.

-Pide que se obrigue a entregar-la documentación que se solicita.

-D^a **M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO**.- Presenta por escrito (anexo XIV).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 22.00 h. do día 25 de febreiro de 1997, da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto